

Noite de San Sanmain para curiosos



BRAIS LÓPEZ DUBRA

1º ESO

CPI PECALAMA

NOITE DE SANMAIN PARA CURIOSOS

Un anoitecer do mes de outono a Marcos e a min dóusenos por averiguar o que había na casa do lado.

A casiña ten varias fiestras tapadas con vellas táboas e dende fai varias semanas veñen dous homes e pronto volven marchar nun BMW dourado. Estes estraños individuos nunca falan con ninguén. A nosa curiosidade fíxonos ir curiosear varios días pero nunca conseguimos ver o que facían. Entraban e cerraban a porta. Nós subiámonos a unhas pedras que hai diante das fiestras pero non conseguimos ver nada todo estaba moi escuro.

O día de Sanmain, Marcos veu durmir a miña casa, despois de pasar o día celebrando o Sanmain no cole. Decidimos que a medianoite iríamos observar o que había na casa dos veciños coa lanterna dun móbil vello da miña nai. A nosa intriga cada día ía a máis e máis, aínda que algo de medo tiñamos comemos uns pica-pica pois o noso amigo Martín sempre dicía que iso quitaba o medo.

Cando todos os da casa estaban na cama, saímos silenciosamente ata que ... eu lle pisei o rabo ao gato e vaia susto nos collemos ¡Aaaaaa!!!!!!!. Xa empezamos ben- dixen.

Pensamos “tranquilidade non somos uns mexericas” e seguimos adiante. Entramos na casa do lado moi fácil, pois a porta non estaba fechada coa chave. Ao abrir a porta había un longo corredor sucio e cheo de cadros raros, e seguimos pero non nos decatamos que no chan había unha pequena portela aberta e caemos por un buraco que nos levou ao sótano da casa. ¡QUE MEDO!!!! - dixemos.

O primeiro que pensamos foi “aquí non nos atopará ninguén só os homes do BMW”. Pero tragando o medo, coa saliva e chupando uns pica-pica, intentamos buscar o interruptor da luz e Marcos atopouno... démoslle. A luz era algo escasa pois a lámpada era de pouca potencia e estaba chea de teas de araña pero... viamos máis que coa lanterna.

De repente xirámonos e ... O peor foi o que vimos ¡Ualaaaaa! Tratábase dun morto.

¡Un morto!!!! - gritamos os dous cheos de medo.

Intentamos saír de alí cajadiños de medo pero non viamos a saída. Tiramos dunha corda que saía do buraco por onde caemos e soltouse unha escaleira de corda, pensamos -¡Qué sorte!!!. Seguimos correndo sen saber cara onde, cheos de medo, subimos por unhas escaleiras que nos levaron a unha habitación chea de arañas, cabazas,... e Marcos dixo: “esta é a casa do terror, ¿porque che faría caso?, sempre me lías e acabamos do peoriño” .

Volvemos botar a correr polas escaleiras e cando íamos saír para fóra da casa vimos que acababa de aparcar o BMW dourado no xardín. Só viña un dos homes dos outros días e preguntounos: ¿Qué facedes aquí a estas horas?, ¿Vistes a sorpresa? ¿Gustouvos?. Nós non fomos capaces de dicir palabra ningunha.

Nese intre aparece tras nosa o “morto” e comezamos a correr e gritar cara a nosa casa. Unha vez dentro da casa miramos pola fiestra e vimos marchar os dous homes no coche ríndose a moreas.

Percatámonos que eses homes non eran malos senón que estaban preparándose para unha festa de Sanmain.

E COLORÍN COLORETE desta aprendemos que non se mete o fociño onde non nos chaman.

FELIZ SANMAIN